



PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN 2020 – VERÁN – <u>XULLO</u>	BASES

Primeira.- Obxecto.

A Concellería de Igualdade do Concello de Redondela organiza o *Programa municipal de conciliación 2020 Convocatoria verán (Xullo)* coa finalidade de proporcionar un recurso socio comunitario de apoio ás familias redondelás que permite e favorece a conciliación de responsabilidades familiares e laborais, permite integrar e posibilitar ao conxunto da poboación infantil redondelá o acceso ao mundo das actividades e o obxecto lúdico, posibilita ferramentas e situacións educativas que fomenten accións innovadoras na infancia redondelá e traballa dende unha perspectiva preventiva onde se poden detectar necesidades da poboación infantil redondelá.

Segunda.- Temporalización.

O servizo prestarase ata o día 31 de xullo.

En termos xerais, o horario será de 09.00 a 14.00 horas de luns a venres, os días hábiles dos períodos establecidos, entendéndose como tales os acollidos na normativa correspondente pola que se establece o calendario laboral oficial para o ano en curso e sucesivos no ámbito do concello de Redondela. O horario do Programa non poderá ser modificado, salvo causa xustificada e aceptada polo Concello de Redondela.

Esta temporalización estará suxeita á normativa e medidas ditadas polas autoridades competentes na materia por motivo da Emerxencia sanitaria polo COVID-19, podendo sufrir variacións.

Terceira.- Poboación destinataria.

A poboación destinataria do Programa son menores de Redondela con idades comprendidas entre os 3 e 12 anos, incluíndo ás/aos menores que teñan a idade esixida no momento de publicación da convocatoria.

No caso de menores con necesidades educativas especiais avaliarase cada solicitude de maneira individual.



A/O menor durante os 14 días previos a súa incorporación ao *Programa municipal de conciliación 2020 – Convocatoria verán (Xullo)* non estará diagnosticada/o de COVID-19, non presentará sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar...) nin padecerá ningunha outra enfermidade contaxiosa; e non convivirá con ninguén afectada/o polo COVID-19 nin estará en contacto estreito nin compartirá espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada polo COVID-19.

Cuarta.- Grupo familiar.

As familias que soliciten participar no Programa deberán acreditar a súa inclusión nalgún dos seguintes grupos:

Grupo 1: Familias nas que as dúas persoas proxenitoras ou a persoa proxenitora no caso de familia monomarental/monoparental están en situación activa de emprego e teñan a obriga de acudir ao seu centro de traballo.

Grupo 2: Familias nas que as dúas persoas proxenitoras ou a persoa proxenitora no caso de familia monomarental/monoparental están en situación activa de emprego, e unha delas ou a titular da familia monomarental/monoparental está en modalidade de teletraballo.

Grupo 3: Familias nas que as dúas persoas proxenitoras ou a persoa proxenitora no caso de familia monomarental/monoparental están en situación activa de emprego, e unha delas ou as dúas ou a titular da familia monomarental/monoparental está en situación de Expediente de Regulación Temporal de Emprego.

Grupo 4: Familias nas que unha das persoas proxenitoras está en situación activa de emprego.

Grupo 5: Calquera outro suposto.

Quinta.- Centros e prazas ofertadas.

O número máximo de prazas ofertadas para esta convocatoria son 300, distribuídas da seguinte maneira:



CENTRO	PRAZAS (número máximo)
Cabeiro: Centro cultural de Cabeiro.	30
Cedeira: Centro cultural de Cedeira.	30
Cesantes: CEIP Outeiro das Penas.	15
Chapela: Pavillón de Chapela.	30
Negros: Asociación de veciños de San Esteban de Negros.	30
O Viso: Asociación de veciños do Barrio de Saramagoso.	15
Reboreda: Sociedade labrego cultural de Reboreda.	15
Redondela: IES Mendiño.	75
Saxamonde: Asociación de mulleres Arela de Saxamonde.	15
Ventosela: Asociación cultural A Miñoteira.	15
Vilar de Infesta: Centro cultural de Vilar de Infesta.	30

As prazas para as/os menores con 3 anos de idade e para as/os menores con necesidades educativas especiais están ubicadas nos centros de Redondela e Chapela.

O número máximo de prazas de cada centro poderá variar seguindo as normativas e medidas ditadas polas autoridades competentes por motivo da Emerxencia sanitaria polo COVID-19.

Sexta.- Procedemento de inscrición.

A documentación desta convocatoria publicarase na páxina web municipal e poderase solicitar en formato papel no edificio municipal do Concello de Redondela.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro xeral do Concello. Para acudir presencialmente ao Rexistro xeral será necesario a solicitude de cita previa a través da Sede electrónica do Concello de Redondela ou chamando ao teléfono 986 400 300.

O prazo para a presentación de solicitudes será do 30 de xuño ao 9 de xullo, ambos dous días incluídos.

Sétima.- Documentación a presentar para tramitar a solicitude de participación.

A documentación a presentar para tramitar a solicitude de participación no Programa é a seguinte:



- Ficha de inscrición.
- Libro de familia.
- Última nómina.
- Último recibo de pago de cota de autónomo.
- Certificado de empresa que acredite a obriga de acudir ao centro de traballo para realizar a actividade laboral.
- Certificado de empresa que acredite que se realiza actividade laboral mediante modalidade de teletraballo.
- Acreditación de estar en situación de suspensión temporal do contrato de traballo por Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE).
- Resolución de prestación.
- Certificado de familia monoparental, sentenza de separación ou divorcio ou convenio regulador.
- Certificado acreditativo do grao de discapacidade e copia do ditame técnico facultativo, emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente da/o menor.
- Ficha individualizada de seguimento.

Presentarase fotocopia da documentación esixida sen alteración algunha (borrado, tachado, recorte...). En caso contrario, non será tida en conta para a valoración da solicitude.

Oitava.- Adxudicación de prazas.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, adxudicaranse as prazas acorde ao seguinte procedemento:

1ª Fase: Distribución das solicitudes segundo os grupos definidos na Cláusula cuarta *Grupo familiar*.

2ª Fase: Adxudicación de prazas.

A adxudicación de prazas comezará coas solicitudes pertencentes ao Grupo familiar 1, segundo o sinalado na solicitude como Opción 1. No caso de que exista un número de solicitudes superior ao de prazas que se oferta no centro, o criterio de adxudicación a seguir será os ingresos da unidade familiar, outorgando praza por orde inverso á magnitude dos ingresos.

No caso de non acadar praza no centro seleccionado como primeira opción, procederase á adxudicación de prazas seguindo as opcións sinaladas na solicitude.



Dende o Centro de información á muller (CIM) contactarase telefonicamente coas familias que non alcancen praza no centro ou centros sinalados na solicitude para ofertar praza vacante noutro centro ou permanecer en listaxe de reserva. O contacto realizarase cunha única chamada a cada número de teléfono que figure no apartado *Teléfonos de contacto* da ficha de inscrición, respectando a orde de prioridade, ata conseguir o establecemento do contacto. A resposta de aceptación de praza ou de inclusión na listaxe de reserva deberá realizarse na chamada de contacto.

Unha vez adxudicada praza ou a inclusión na listaxe de reserva das solicitudes que pertencen ao Grupo familiar 1, procederase á adxudicación de prazas para o Grupo familiar 2, seguindo as mesmas directrices que para o Grupo 1. Unha vez finalizada a adxudicación de praza do Grupo familiar 2, procederase co Grupo familiar 3, ao remate deste co Grupo familiar 4 e ao seu remate co Grupo familiar 5, aplicando as mesmas condicións de adxudicación que para os anteriores grupos.

De conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a relación de persoas admitidas publicarase na páxina web do Concello de Redondela.

Novena.- Obrigas das familias.

Os teléfonos de contacto recollidos na ficha de inscrición deberán estar sempre en modo operativo dende o momento da presentación da solicitude ata o remate do Programa. No caso de producirse algún cambio dos números de contacto durante o desenvolvemento do Programa, deberase comunicar esta circunstancia inmediatamente no Centro de información á muller (CIM).

Para a entrada e saída da actividade as/os menores só poderán acudir acompañadas/os por unha persoa, que deberá acudir con máscara cirúrxica, respectar a distancia de seguridade e cumprir co protocolo establecido.

As/Os menores unicamente poderán saír con algunha das persoas autorizadas para tal efecto na ficha de inscrición no apartado *Persoas autorizadas para a recollida da/o menor*.

As/Os menores deberán acudir á actividade provistas/os de máscaras cirúrxicas por se fose necesario a súa utilización, empregándoa en todo caso para a entrada e a saída da actividade.



Tamén deberán levar merenda para a media mañá e acudir con roupa e calzado cómodo para facilitarlles a realización dos xogos de movementos.

As faltas de asistencia deberán ser comunicadas e xustificadas, no seu caso, ao monitorado ou no Centro de información á muller (CIM). Contar con tres faltas sen xustificar supón a perda automática da praza.

Calquera aviso, incidencia ou información sobre a/o menor deberá comunicarse ao monitorado ou no Centro de información á muller (CIM) a través do teléfono 986 40 80 43 ou do enderezo electrónico igualdade@redondela.gal.

As familias deberán cumprir o protocolo establecido polo Concello de Redondela para o *Programa municipal de conciliación 2020 Convocatoria verán (Xullo)* con motivo da Emerxencia sanitaria polo COVID-19 e notificar inmediatamente ao Concello de Redondela calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

Décima.- Excepcionalidade derivada da Emerxencia sanitaria polo COVID-19.

Todo o establecido nas presentes bases poden sufrir modificacións en función das normativas e medidas ditadas polas autoridades competentes por motivo da Emerxencia sanitaria polo COVID-19.